

A primavera sabía  
que o frío volvería  
pero unhas pequenas flores  
enchían os campos de cores

Unha xeadada partía  
chegando cedo o sol  
coa súa gran calor  
o inverno derretía

Os paxaros saían  
cun fermoso chiar  
as árbores quedas oían  
os seus cantos piar.

Carlota Arias Barreiro 3º ESO-A

A xente non o cre,  
Di que é imposible  
Non vin nada igual,  
Realmente foi increíble  
Ese non foi un partido,  
A xente non confiaba  
Logo do gol de Rodrigo,  
Mentres non se pitaba  
A esperanza chegaba,  
Dez foron os minutos  
Rodrigo outro anotaba,  
Iguais quedaban e co  
De Benzema o Madrid ganaba.

Xoel prado Ramos 3ºESO-A

## **O MONSTRO DE EMBAIXO DA CAMA**

Ela chamábase Antía, unha muller que escapara dun internado. Gustáballe asasinar persoas inocentes ou non, xa fosen homes, mulleres, nenos, nenas, ou mesmo animais. Calquera que se atopara no seu camiño e respirase podía ser presa súa.

A muller ía polas noites irrumpindo nas casas alleas.

Facíao sen causa ningunha, soamente pola súa propia satisfacción . Isto comezara a poñerse serio, o cal provocou o máximo interese na policía, e volveuse a novidade da cidade.

Un día, viuse perseguida por todo un escadrón de policía disparándolle dende o lonxe.

Unha bala logroulle atravesar o peito a cal causou a súa morte, mais a pesar de estar morta logrou abrir os ollos. Estaba escuro... entón comezou a ter doenzas por todo o corpo . Sentía como unha presión interna, coma se fose a estalar en calquera momento,

como se a un anxo lle saísen as ás e no seu caso, todo o contrario. Cando mirou as súas mans decatouse da presenza de garras, pelo en abundancia, caeiros e deformidades, decatouse do seu paradeiro. atopábase debaixo da cama dun cativo. Xa non era a rapaza que era, senón que se convertera no que xa era no seu interior... un monstro.

Mencía Rego V. 3º ESO-A

Vira e revira a miña melena  
Entretense e xoga co meu pelo  
Na miña cara noto cada sopro  
Tornando á rosa as meixelas  
Oh, canto me gusta sentilo!

### Miña meniña

O día do nacemento da miña meniña  
foi par todos unha gran ledicia  
era moi fermosa e pequerrechiña  
apenas chegara ... e canto xa a quería!

Carla Bouza 3º ESO-A

A noite pasada  
Coa chuvia caendo,  
Había un paxaro,  
Oía como cantaba,  
Inspirador canto que tiña,  
Vagueaba pensando  
A túa sonrisa.

**A**mote mái nca  
**M**aña nai,  
**O**íches, ámote a  
**R**abear, pero  
**O** intento de namorarte  
**S**aíu frustrado  
**A**marto sen sabelo ti.

Duarte Díaz 3º ESO-A

## UNHA NOITE DE OUTONO

Unha noite de outono, un home regresaba ao seu fogar despois dunha tarde de traballo no mar. Como era de costume, o home sempre volvía polo mesmo camiño, un camiño preto do porto, que facía cruzar o bosque en dirección á vila. Xa era tarde, entón apurou o paso, de camiño pasou diante do vello faro e adentrouse na maleza. No bosque, o home tiña a sensación dunha presenza estraña, escoitábanse rúidos raros, El non lle deu importancia e continuou o camiño. Despois, escoitouse un grito desgarrador, o home mirou cara a atrás asustado, entón puído observar a presenza que sentira anteriormente. Viu un ser humanóide procedente das profundidades do mar, suxeitando o corpo sen vida dun dos seus compañeiros que estiveran pescando xunto a el ese mesmo día. Desde aquela vez, o home foi tratado como louco, e nunca máis se volveu achegar a ese bosque.

Xan Bagaría Vázquez 3º ESO-A

### **Esquecido ou baleiro**

É algo do que sempre escapamos.  
Ninguén quere caer nese burato,  
escuro e baleiro do que ninguén se acorda.  
Temos medo a esquecer,  
temos medo a ser esquecidos,  
temos medo a sentir o futuro baleiro.  
É algo inevitable o feito de sentir,  
sentir ese sentimento de pechar os ollos e non ver,  
non ver absolutamente nada,  
só un baleiro imposible de encher.

Nerea González Iglesias 3º ESO-A

## ESCURIDADE

(2010)

“Cada día que pasa non podo evitar pensar en que pasará. Que será de min? Poderei con todo isto? Non sei. Non teño resposta. O único que si coñezo é o medo que percorre o meu interior cada vez que me atopo rodeada de vinte persoas coa mesma idade ca min, e nun espazo de non máis de cento trinta metros cadrados. Así é, esa é a miña realidade. Odio todo. Máis ben odio a inxustiza e a crueldade. Sinceramente creo que isto é inxusto e moi cruel. Que fixen eu para merecer isto?”

(2022)

“Verdadeiramente estes pensamentos inundaron a miña mente durante os meus anos na secundaria. Era un sufrimento para min. Insoportable. Non me atrevía a dicirlllo a ninguén. Pero un día decidínme a facelo e foi a mellor decisión da miña vida. Todo mudou para mellor. Agora atópome no mesmo lugar onde crin que nunca regresaría. Nesta ocasión os roles cambiaron. Son eu quen axuda aos demais. De feito, quedan escasos minutos para que entre o meu próximo paciente, unha rapaza que viviu a mesma situación ca min e se animou a contalo.”

Na actualidade este tipo de situacións son máis frecuentes do que pensamos. Moitas vítimas atrévense a contalo como a protagonista deste microrrelato. Porén, moitas outras non son capaces. É traballo de todos rematar co antagonista que intenta ocultar a todos os heroes e heroínas que brillan na escuridade.

**Rematemos xuntos co acoso escolar !**

Jennifer Fernández 4º ESO A